

MUCHO JIPI  
ES LO QUE HAY

## Cartas del tío Snacker



Marqués de Gurugú

**{UNA MOTOSIERRA A MEDIAS}**  
Acebollado sobrino, te comunico que en cuanto te escriba estas letras telegrafiaré a mi viejo amigo Mario Clavell para proponerle comprar una motosierra a medias y así poder cargarnos con rapidez los altos eucaliptos que rodean el Monte do Gozo. Yo, como él, lamento también que los peregrinos que llegan a este punto no puedan observar con nitidez, por primera vez en toda la Ruta, las torres de nuestra santa Catedral por culpa de unos árboles que crecen de forma desmesurada y que, además, carecen de la noble belleza de los carballos o los castaños. Sospecho, Damián, que mi cocinera, la discosa Doris, debe estar regando la falda del monte con los extraños sopical-

dos que yo me niego a comer por su peculiar olor a especias morunas, de ahí ese crecimiento tan aparatoso y anormal. Lo malo es que don Mario, que ha recorrido varias veces el Camino, se empeñará en llevarme andando hasta el Monte y tendré que explicarle de nuevo que entre los de mi clase, al contrario de lo que ocurre entre los jipis, está mal visto caminar. Iré, pues, en mi diligencia, con O'Leary a las riendas y la motosierra atada al lomo de Petrus para que el habitáculo no se impregne con los olores propios de los derivados del petróleo. Te mantendré informado de mis hazañas antiarboreas.

**{SACO O CAMA CON DOSEL}**  
Hablando del Monte do Gozo, leo

con sumo ídem, Damián, que doña Nava Castro, quizá la única política gallega que tiene, junto a la ministra Ana Pastor, el don de la ubicuidad, ha puesto ya el cartel de obras para realizar un profundo lifting al complejo. Yo jamás dormiría, sobrino, en un camastro al lado de los peregrinos que llegan jadeantes y sudorosos después de caminar muchos kilómetros, pero supongo que tu lánguida novia y tú mismo estaréis encantados con la noticia. Yo, por mi parte, voy a ordenar a O'Leary que compre otra colcha de plumas para mi cama con dosel. Hala, disfruta de tu saco.

**{EXTRAÑO FUROR COCINERIL}**  
Te comentaba antes, torpe sobrino, la notoria falta de pericia que

demuestra tener Doris al cocinar sopas y caldos diversos, problema que espero solventar inscribiéndola en uno de esos muchos cursos gastronómicos que se celebran en nuestra ciudad. Desconozco por qué a la gente le ha entrado ese furor incontrolable por cocinar, y me sorprende aún más ver a pequeños saltamontes de apenas cuatro o cinco años salpimentando un asado o batiendo cremosos líquidos entre decenas de cacerolas y artilugios cortantes, pero supongo que es una buena fórmula para mantenerlos alejados de los teléfonos móviles, las consolas y otros aparatos diabólicos. En mi caso, Damián, prefiero que me lo den todo hecho. Por supuesto en su punto.

26 SANTIAGO

EL CORREO GALLEGO

MIÉRCOLES  
20 DE ABRIL DE 2016

DAVID AMOR Humorista e actor

# “Oxalá que a xente de vinte anos mellor a merda que fixemos os da miña xeración”

YAGO GRELA  
Santiago

Veño a reunirme con David Amor, dígolle ao porteiro do teatro Afundación de Vigo. Tras agardar un anaco, por fin aparece. Alto, seguro, e desprendendo unha felicidade máis grande cas súas mans. Sentámonos no salón de butacas, dúas horas antes de que comece *Amigos ata a morte*, comedia na que comparte escenario con Leticia Sola e Xosé Touriñán, e que se representará en Compostela o 22 de abril. Cando el fala, doume conta de varias asuntos. David López (o seu nome de verdade) é un bo galego, xa que aínda que traballa en Madrid, el nunca esquece a súa terra. A capital é o seu entorno laboral pero Galicia sempre será o seu fogar. Segundo, que é unha persoa humilde. Non lle da importancia ao tema da fama, repetindo frases como: “Non é unha cousa que estea tan presente na túa vida como a xente pensa”. E o máis importante, no anaco de tempo que estiven con el dinme de conta de que é unha persoa feliz, pois non deixou de rir durante toda toda a entrevista.

**Como venderías *Amigos ata a morte* nunha frase?**

Divertida. Non me fai falla nin unha frase, só unha palabra.

**Algunha anécdota froito de traballar con Touriñán e Leticia Sola?**

Unha soa non, mil. Por exemplo, esta obra está tan rodada que agora estamos máis preocupados de onde ceamos ou onde comemos que da obra en si.

**Cal é o teu próximo proxecto?**

Teño bastantes proxectos persoais, por exemplo agora estou co tema da bicicleta, e no profesional, sigo cos monólogos e estou en contacto coa serie *Narcos*. Estiven falando coa directora de casting, é complicado, pero tivemos unha resposta e foi gratificante.

**Rumorease que vai a haber un *Ocho apellidos gallegos*. Xa mandaches o curriculum?**

De feito eu xa teño unha idea, levo pensando nela moito tempo. Eu propoño cambiarlle o nome, que sexa *Oito apellidos narcos*. Por suposto eu sería o protagonista, e o argumento trata sobre un chaval, quen sen saber moito como, acaba como xefe dun cártel de narcotráfico. O primeiro plano sería Manquiña cantando nunha barra dun bar. Está todo pensado. (Risas)

**Cando escribes David Amor no buscador de google, o primeiro que aparece xunto a twitter e biografía é “novia”. Ser famoso inflúe no amor?**

Todo inflúe nunha relación. Por exemplo, se estás no paro, iso inflúe, se tes un traballo que te extresa, iso tamén. O meu traballo claro que inflúe nas miñas relacións, é a miña vida.

**Algunha anécdota da túa época universitaria estudando INEF?**

A universidade en si foi unha anécdota para min. Por exemplo, lémbrome que para a materia de expresión corporal tivemos que preparar unha coreografía. Ao final estábamos nun piso un rapaz que facía remo, outro balonmán, e un fisiculturista, preparando un baile con aros e pelotas. Foi nese momento cando pensei...Como lle digo á miña nai que estou facendo



O humorista e actor galego David Amor. Foto: Antonio Hernández

**Lembra como o programa ‘O rei da comedia’ lle cambiou a vida e o meteu no espectáculo**

**Aconsella aos mozos que se preparen moito e que loiten polo que queren facer coa súa vida**

unha carreira e non un festival final de EXB? (Risas).

**Como ves a situación política actual no país?**

Moi mal, moi deprimente. Eu creo que nos estamos deshumanizando. A xente non sabe esixirle aos políticos, e os políticos están totalmente desvinculados das persoas. Vexo moita irresponsabilidade, para unha vez que se teñen que poñer dacordo, xa que antes non pasara, e non son capaces. É unha magoa porque ao final os políticos representan á

sociedade. A sociedade española é mediocre e orgullosa, pero non nos gusta recoñecelo.

**Segues en contacto cos teus compañeiros de ‘El club del chiste’ o ‘Gym Tonic’?**

Non con todos porque hai moita xente, pero si que teño moi bos amigos e sigo falando con eles. Hai pouco estiven con Diego Arjona, e hai tres semanas estiven en Vigo ceando con Leo Harlem, que tivo unha actuación no teatro onde nos atopamos.

**Con quen che gustaría traballar nun futuro?**

Pepe Viyuela. Paréceme moi bo actor, e ademais ten fama de ser unha boa persoa. Polas poucas veces que coincidín con el, ten pinta de selo.

**Se tiveses que destacar un momento da túa carreira profesional, cal sería?**

Estas preguntas son complicadas...É difícil quedarse cunha soa cousa cando fas tanto e tan diferente. Ao mellor sería aquel casting que fixen en Pontevedra para o programa *O Rei da Comedia*. Foi o comezo de todo.

**Dende pequeno xa querías ser actor?**

Non, foi unha cousa tardía, gustábame no colexio o teatro e tal, pero despois no instituto deixei de facer todo aquilo relacionado coa interpretación. O que sempre fun foi unha persoa moi curiosa, por iso con 20 anos empece a entrar no mundillo e ata agora. Ao final resultou ser a miña paixón.

**¿Qué consello lle darías a unha persoa de 20 anos?**

Que se prepare moito e que se esforce polo que quere. Que non deixe que ninguén lle diga que algo non se pode facer. Na vida lle dedicamos moitas horas ao traballo, por iso temos que facer algo que nos motive e guste. Loitar, prepararse, e ser moi honesto cun mesmo. Moita xente queixase dicindo que os políticos son malísimos, a televisión tamén, e a sociedade aínda peor, pero non nos damos de conta que son os políticos que votamos, a televisión que vemos, e a sociedade que facemos. Oxalá a xente que ten vinte anos mellor a merda que fixemos os da miña xeración.